

ANEXO II

Solicitud de participación na VI convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2024)

Centro proponente:	
Facultade de Matemáticas	
Denominación da práctica:	
Campaña de visibilización sobre a relevancia das enquisas de satisfacción coa docencia recibida por parte do estudiantado	
Proceso(s) do SGC implicado(s):	
PE-02. Revisión e mellora PC-03. Apoio a estudantes PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades	
Datas de desenvolvemento da práctica:	
Acción de Mellora:	Esta iniciativa xorde como consecuencia das reflexións recollidas no “Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación (curso 2019-20)” no que se destacaba que <i>“Se recomienda continuar motivando la participación de los diferentes grupos de interés en las encuestas de satisfacción, en particular la del alumnado...”</i>. Ademais, froito de dita recomendación, diversos informes de seguimento posteriores recollen reflexións nesta liña. Todos os informes de seguimento do Grao en Matemáticas poden consultarse na seguinte ligazón.
Data de Planificación:	Entre setembro e novembro de 2023.
Data de Implantación:	Decembro de 2023.
Data de Avaliación:	Setembro de 2024 (data de publicación dos resultados provisionais enquisas avaliación docente do curso 2023-24, aínda que previamente dende o Centro de Datos e Procesos xa nos proporcionaran resultados provisionais sobre as taxas de participación).
Data de Axuste e Mellora:	Entre outubro e novembro de 2024.
Breve descripción da práctica*:	
No primeiro cuatrimestre do pasado curso 2023-24 implantamos unha nova práctica para tratar de incrementar a participación do estudiantado do Grao en Matemáticas nas enquisas de satisfacción sobre a docencia recibida. Froito do debate tanto na Comisión de Título do Grao en Matemáticas como na Comisión de Calidade do Centro, acordouse que podería resultar de utilidade recordar ao estudiantado a importancia de dispoñer de datos representativos sobre a súa satisfacción en canto á docencia recibida nas diferentes materias da titulación. Con esta idea, os días	

11, 12, 13 e 14 de decembro do 2023 leváronse a cabo visitas programadas a todas as sesións de docencia expositiva de todas as materias dos diferentes cursos do Grao en Matemáticas. Na Figura 1 amósase, a modo de exemplo, parte do calendario elaborado para tal fin.

CALENDARIO DE REALIZACIÓN DE ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DOCENTE

		Grupo Expositivo 1			Grupo Expositivo 2		
		Día	Hora	Persoa que acude á aula	Día	Hora	Persoa que acude á aula
3º CURSO	Cálculo Vectorial e Integración de Lebesgue	12/12/2023	9:00	Mercedes	13/12/2023	9:50	Mercedes
	Ecuacións Diferenciais Ordinarias	12/12/2023	13:00	Rosana	12/12/2023	12:50	Rosana
	Probabilidade e Estatística	11/12/2023	12:50	Rosana	11/12/2023	13:00	Rosana
	Estruturas Alxébricas	11/12/2023	10:50	Rosana	14/12/2023	13:00	Mercedes
	Métodos Numéricos en Optimización e Ecuacións Diferenciais	13/12/2023	9:00	Mercedes	14/12/2023	12:50	Mercedes
	Topoloxía Xeral	11/12/2023	11:00	Rosana	13/12/2023	10:00	Mercedes

Figura 1. Calendario de realización das enquisas de satisfacción coa docencia recibida para o alumnado do terceiro curso do Grao en Matemáticas.

Ditas visitas ás aulas tiveron unha duración aproximada de entre 5 e 10 minutos e foron levadas a cabo polas dúas vicedecanas da Facultade, e á súa vez Coordinadora do Grao en Matemáticas e Responsable de Calidade do Centro, respectivamente. Aproveitouse este tempo co estudantado para facer unha presentación sobre a **necesidade de obter representación estatística nas enquisas de satisfacción sobre a docencia recibida** así como sobre a súa importancia dentro do propio Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas. A continuación, en cada sesión animábase ao estudantado a **completar as enquisas de satisfacción** sobre as/os docentes da materia en cuestión. Na Figura 2 amósame, a modo de exemplo, parte do material de apoio empregado durante as visitas ás aulas.

Figura 2. Parte do material de apoio empregado durante ás visitas ás aulas.

Estas visitas ás aulas non se levaron a cabo no segundo cuadrimestre do curso 2023-24 para poder realmente avaliar cuantitativamente a súa eficacia no primeiro cuadrimestre sobre o mesmo estudantado.

Vistos os bos resultados obtidos no primeiro cuadrimestre do curso 2023-24 (que se detallan no seguinte apartado), no primeiro cuadrimestre deste curso 2024-25 retomamos

esta iniciativa con idea de mantelo no segundo cuatrimestre. Ademais, adiantamos as visitas ás aulas para que non coincidan coa derradeira semana de clase e así interromper o menos posible o labor docente (esta fora unha debilidade detectada polo profesorado da primeira implantación desta iniciativa).

Breve avaliación da eficacia da práctica na mellora do SGC*:

O primeiro semestre do curso 2023-24 foi o primeiro no que se implementou esta iniciativa e conseguiuase que a **porcentaxe de participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción se situara case no 65%** fronte ao 32% que se acadara no primeiro cuatrimestre do curso 2022-23. O incremento na taxa de participación nas enquisas pon de manifesto a **evidencia, estatisticamente significativa, do efecto da iniciativa levada a cabo**. Ademais, no segundo cuatrimestre, no que non se levou a cabo a visita ás aulas, a taxa de participación baixou ata o 19% (fronte ao 13% rexistrado no mesmo cuatrimestre do curso 2023-24).

Finalmente, na Figura 3 amósase a evolución das taxas de participación nas enquisas de satisfacción por parte do estudiantado ao longo dos últimos cursos académicos. Lamentablemente, nestes momentos aínda non dispoñemos de datos sobre a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida no primeiro cuatrimestre do actual curso 2024-25. Á vista da Figura 3 podemos ver como, nos últimos cursos académicos, as **taxas de participación asociadas ao Grao e ao Grao conxuntamente cos Dobres Graos de Matemáticas e Física e de Enxeñaría Informática e Matemáticas son máis elevadas que as taxas medias da USC**. Destacar tamén que a taxa entre estudantes do Grao correspondente ao pasado curso 2023-24 se sitúa no 64,80% (fronte ao 45,32% rexistrado no global da USC) e é a máis elevada da serie histórica, por encima incluso dos resultados acadados despois da crise sanitaria derivada da COVID-19 (situadas na contorna do 50%).




Figura 3. Evolución temporal da taxa de participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción sobre a docencia recibida. Datos proporcionados polo [Centro de Datos e Procesos](#) da USC.

Destacar tamén a boa acollida por parte do profesorado desta iniciativa, tal e como se recolle na acta correspondente da Xunta de Facultade celebrada o 22 de novembro de 2024.

* Prégase brevidade e concisión na descrición e na avaliación da práctica. A lonxitude máxima da solicitude é de 3 páxinas en total.